

**URBANISMO – LICENZAS, INSPECCIÓN E DISCIPLINA****Solicitud: licenza de división de terreos
(parcelamentos e segregacións)****Interesado/a**

DNI-NIF/CIF/NIE		Nome e apelidos/Razón social				
Rúa			Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia			Teléfono	
					/	
Correo electrónico					Fax	

Representante

DNI-NIF/NIE		Nome e apelidos				
Rúa			Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia			Teléfono	
					/	
Correo electrónico					Fax	

Datos da parcela

Referencia catastral (RC)																						
Rúa												Núm./ Km.	Escaleira	Andar	Porta							
Polígono	Parcela	Localización																				
Propietario/a da parcela ou edificación														DNI-NIF/CIF/NIE								

Técnico/a autor do proxecto de parcelamento urbanístico

DOI/CIF	Nome e apelidos	Titulación/Colexio Profesional	Número de Colexiado
---------	-----------------	--------------------------------	---------------------

Finalidade da división en solo rústico (marcar cun X)

- execución, conservación ou servizo de infraestruturas públicas
- executar equipamentos públicos
- realizar actividades extractivas ou enerxéticas
- executar o planeamento urbanístico
- mellorar as explotacións agropecuarias existentes
- partición dunha herdanza (parcelas vacantes de edificación, excepto en solos de especial protección agropecuaria e a condición de non edificar os lotes resultantes)
- regularizar a configuración de parcelas colindantes (segregación e simultánea agregación en unidade de acto)

Número do documento de ingreso (tributos)

--

Para os efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, AUTORIZO ao Concello a comprobar telematicamente con outras administracións públicas os datos comunicados e demais circunstancias relativas á actuación que se vai realizar.

Santiago de Compostela, ____ de _____ de 20__

Asinado: _____

	Rexistro número:
	Expediente número:

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Consente o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros dos departamentos municipais de Urbanismo e Servizos Económicos e aos outros do Concello de Santiago relacionados con este trámite. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

DESCRIPCIÓN

Para autorizar e/ou inscribir escrituras de división de terreos, notarios e rexistradores deben esixir que se acredite que a operación ten licenza do Concello.

Polo tanto, debe vostede solicitar e obter esta licenza para dividir predios en calquera clase de solo, a non ser que estean comprendidos nun polígono ou unidade reparcelable (neste caso a división deberá ser obxecto dun proxecto de compensación ou reparcelamento, que se tramita no Servizo de Planeamento e Xestión Urbanística).

O parcelamento urbanístico consiste na división de terreos en solo urbano consolidado ou de núcleo rural en dous ou máis lotes ou porcións para a súa urbanización ou edificación, simultánea ou sucesiva.

En solo rústico, están prohibidos os parcelamentos urbanísticos, e só se admiten excepcionalmente as divisións e segregacións que teñan algunha das finalidades enumeradas no artigo 206.1 da LOUGA.

DOCUMENTACIÓN

a) Para os parcelamentos urbanísticos, proxecto redactado por un técnico competente co seguinte contido (art. 18.1 PXOM):

- Memoria urbanística indicativa da finalidade do parcelamento que se pretende realizar, razoando a súa adecuación á ordenación vixente e indicando expresamente a clasificación e a cualificación do solo obxecto do parcelamento e a normativa e as ordenanzas que lle son de aplicación.
- Plano de situación e parcelario en cartografía municipal a escala 1:1000 en zona urbana e 1:5000 no resto, sinalando a parcela.
- Delimitación dos predios iniciais e finais con erro menor do 2,5% e na escala mínima de 1:500.
- Descrición de lindeiros, accidentes, topografía, superficies e demais características dos predios iniciais e dos resultantes, de forma inequívoca e precisa. En particular, indicarse se existen edificacións ou se o predio está vacante. Se as parcelas obxecto de división están edificadas, faranse constar os datos de ocupación total e da superficie edificada (art. 46.6 da LOUGA), tanto da parcela inicial como de cada unha das resultantes.
- Orixinal ou copia autenticada dos documentos catastrais e rexistrais que identifiquen os predios iniciais.

b) Para a división ou segregación de fincas rústicas:

- Plano de situación e parcelario en cartografía municipal a escala 1:5000, sinalando a parcela.
- Memoria e documentación gráfica necesaria para identificar con precisión a actuación que se pretende realizar (art. 206.2 LOUGA).
- Orixinal ou copia autenticada dos documentos catastrais e rexistrais que identifiquen os predios iniciais.

Antes de presentar esta solicitude, deberá aboar os tributos municipais (TICO). No impreso debe figurar o núm. de recibo do pagamento presencial (NR/referencia) ou o núm. de expediente do pagamento vía web.

Para máis información pode vostede contactar co Negociado de Obras do Servizo de Licenzas e Disciplina Urbanística:

Praza do Obradoiro, 1. Pazo de Raxoi, 2º andar.

Teléfono: 981 542 420

Correo: informacionurbanismo@santiagodecompostela.org